

# ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 12/07/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.

## ASISTENTES

### ALCALDE

José Marcote Suárez

### TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira  
Soledad Vilela Romero  
Teresa Fernández Martínez

### SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

## ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Expediente Contratación Iluminación do Paseo Marítimo da Praia Langosteira.--
- 4º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:10** horas do día **12/07/2018** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

### 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 25 de Xuño de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

### 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

## OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A JOSÉ DIAZ ATIENZA, veciño de A Coruña, para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar de semisoto e planta baixa a emprazar nunha parcela sita na rúa Agra Nova da localidade de Sardiñeiro de Abaixo, Termo

Municipal de Fisterra (Referencia Catastral 0844913MH8504S0001HG), debendo axustarse na súa totalidade ó Modificado do Proxecto Básico e de Execución de Febreiro 2018 visado con data 13 de Marzo de 2018 e Anexo o mesmo de data Maio de 2018 redactados polo Arquitecto, Carlos Landeira Caamaño que constan no expediente; condicionada a :

1) Cesión gratuita en favor do Concello de Fisterra dos terreos nunha superficie de 14,77 m2 en documento público para regularización da vía pública a que da fronte a parcela.

2) Presentar no prazo de dez días hábiles contados a partir da notificación deste acordo, o Oficio orixinal da Dirección de Execución das Obras a nome de Manuel Vieitez Garrido.-

3) Cumprimento do disposto na Orde do 3 de Setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, envirtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das Obras do edificio, inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do Proxecto.

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

EXPEDIENTE : 11 / 2017

CONCESION DA LICENZA : 12 de Xullo de 2018

ORDENANZA DE APLICACIÓN : Solo Urbano

PROMOTOR : José Diaz Atienza.-

CONSTRUTOR : -----

DIRECTOR DE OBRA : Carlos Landeira Caamaño.--

DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL : Manuel Vieitez Garrido.--

NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS : Semisoto + Planta Baixa .-

USO : Vivenda unifamiliar .-

O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente Visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Mil setecentos trinta e dous euros con sesenta e seis céntimos (1.732,66 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da valoración efectuada polo Departamento de Urbanismo en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de 74.211,51 €.-

B) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

Modificar a Licenza Urbanística concedida por esta Xunta na sesión do día 25/05/2017 e 12/06/2017 a favor de CAYETANO INSUA RIVAS, para construción dunha Edificación para Taller Gastronómico e Cabanas a emprazar nunha parcela sita na localidade de San Martiño de Abaixo (Referencia Catastral 15038A032002130000FY) debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e de Execución redactados polo Arquitecto Antonio Martínez Domínguez de datas Febreiro, Maio 2017 e 21 de Maio de 2018 que consta no expediente, admitíndose as seguintes variacións en base ás seguintes consideracións urbanísticas e técnicas:

1. Segundo o proxecto básico e de execución presentado os cambios presentados son:

#### Cabana Tipo (C.1)

- Redúcese a superficie acristalada da fachada este, permitindo a instalación de estores ou cortinas de tal xeito que poidan quedar ocultos dende o exterior.
- Redúcese o espazo pechado do baño, así como o da cociña, ampliando o espazo da bañeira hidromasaxe.
- Substitúese a porta corredeira do baño por unha porta abatible.
- Elimínase a pequena ventá proxectada no baño.
- Elimínase o teito do baño e substitúese por un vidro que continúa os paramentos verticais ata a cuberta da cabana.
- Introdúcense pequenas modificacións nos acabados interiores da cabana, como o pavimento a base de solo laminado (máis sufrido para un uso público, tendo en conta especialmente a situación da bañeira hidromasaxe).

### Cabana Adaptada (C.2)

- Redúcese a superficie acristalada da fachada este, permitindo a instalación de estores ou cortinas de tal xeito que poidan quedar ocultos dende o exterior.
- Elimínase a pequena ventá proxectada no baño.
- Elimínase o tabique que separa a bañeira hidromasaxe da sala.
- Auméntase o volume que sobresaí do principal para situar aquí o aerotermo.
- Elimínase o teito do baño e substitúese por un vidro que continúa os paramentos verticais ata a cuberta da cabana.
- Introdúcense pequenas modificacións nos acabados interiores da cabana, como o pavimento a base de solo laminado (máis sufrido para un uso público, tendo en conta especialmente a situación da bañeira hidromasaxe).

### Taller Gastronómico (C.4)

- Execución dun pequeno espazo pechado baixo o Taller gastronómico, nun espazo libre do aparcamento, e que poderá albergar o cuarto de lavadoras no caso de ser necesario.
- Aumento do volume da cabana cara o sur, ocupando o espazo existente sobre o definido no punto anterior: o baleiro existente entre a cabana orixinal e o muro de contención.
- Redistribución do interior deste cabana, eliminando a oficina e permitindo unha utilización máis diversa deste espazo.
- Modificación das carpinterías exteriores da cabana, mantendo o ritmo vertical das mesmas.
- Axuste da dimensión do espazo de aparcamento en planta semisoto e na planta superior.
- Modificacións nos materiais construtivos da cabana, realizando un cerramento a base de bloque de termoarcilla de 12 cm. de espesor, que lle dea rixidez á estrutura, e que irá revestido cara o exterior mediante un dobre restrelado de madeira de piñeiro tratado en autoclave con illamento térmico a base de paneis ríxidos de polistireno extruído de 4 cm. de espesor, e táboas de piñeiro vermello tratado en autoclave; e revestido no interior mediante un trasdosado de pladur (posteriormente pintado ou alicatado) ou de tableiro de madeira.

Tendo en conta que nalgúñas partes do Proxecto Técnico anterior se facía aínda referencia á Cabana dobre (C.3) que xa fora desestimada no momento de concesión da licenza, quedando eliminanda agora calquera referencia a este tipo de cabana.

En todas as cabanas se ten realizado unha nova proposta das instalacións, recolléndose as decisións de todos os que participan na execución das obras.

Manterase a obriga en todas as condicións impostas na citada licenza.

### REORGANIZACIÓN PARCELAS

Examinada a petición formulada por parte de MANUEL SALVADOR CANOSA INSUA, veciño de Fisterra, (Rexistro Xeral de Entrada 1163 de 7/05/2018) sobre solicitude de licenza para reorganización das parcelas 491 e 496 do Polígono 2 da Concentración Parcelaria de San Vicente-San Martiño de Duio,

Vista a Memoria redactada pola Enxeñeiro Técnico de Topografía, Javier Túnez Fernández de data Febreiro de 2018 á que deberá axustarse na súa totalidade así como o Informe favorable emitido pola Arquitecta que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación de data 2 de Xullo de 2018 que constan no expediente,

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.-Conceder Licenza a MANUEL SALVADOR CANOSA INSUA, para proceder á reorganización das seguintes Parcelas mediante segregación e agrupación:

| Referencia Catastral                  | Superficie Total | Superficie Solo NRT | Superficie Solo Protección Agropecuaria |
|---------------------------------------|------------------|---------------------|---|
| Final Parcela<br>15038A502004960000DM | 1.340 m2         | 1.340 m2            | 0 m2                                    |
| Resto Finca<br>15038A502004910000DQ   | 4.410 m2         | 856 m2              | 3.554 m2                                |

A Superficie de cesión gratuita de terreos en favor do Concello de Fisterra necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso que lles corresponde ás parcelas é a seguinte :

| Referencia Catastral                  | Superficie Bruta | Superficie Neta | Superficie de Cesión |
|---------------------------------------|------------------|-----------------|----------------------|
| Final Parcela<br>15038A502004960000DM | 1.340 m2         | 1.207 m2        | 133 m2               |
| Resto Finca<br>15038A502004910000DQ   | 4.410 m2         | 4.400 m2        | 10 m2                |

2º.- Notificar este acordo ó promotor para o se coñecemento e demais efectos.

3º.- Expediente Contratación Iluminación do Paseo Marítimo da Praia Langosteira.--

Vista a Resolución dictada por parte da Directora de Turismo de Galicia de data 2 de Xullo de 2018 (Expediente TU501B 2018-039/1) sobre Concesión dunha Subvención polo importe de Trinta mil douscentos vinte e tres euros con cincuenta e sete céntimos (30.223,57 €) para levar a cabo a execución do Subministro de "Iluminación do Paseo Marítimo da Praia Langosteira - Fisterra", a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1)Iniciar expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado para levar a cabo a adxudicación do citado Subministro cun presuposto que ascende a cantidade de Corenta e cinco mil oitocentos oitenta e dous euros con vinte céntimos (45.882,20 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base á Memoria Técnica redactada pola Arquitecta do Departamento de Urbanismo desta Corporación.----

2) Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particular que constan no expediente.-

2 ) Publíquese Anuncio para a licitación no periódico "Diario de Bergantiños" para que por parte dos interesados poidan presentar a documentación prevista no Prego dentro do prazo de Dez días hábiles (10) contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no mesmo no citado xornal así como no Perfil do Contratante.-

4º.- Asuntos varios.-

AXUDAS ECONÓMICAS

- Visto o Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a J. B. M. T., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Cen euros (100,00 €) para gastos de primeira necesidade; todo elo por tratarse de persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. L. V., veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Cento setenta e cinco euros (175,00 €) para gastos de desprazamentos co motivo de acudir a citas médicas previstas en A Coruña; todo elo por tratarse de persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a E. B. G., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Catrocentos euros (400,00 €) para gastos de primeira necesidade e manutención; todo elo por tratarse de persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. G. S., veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Setenta e catro euros (74,00 €) para adquisición de gafas; todo elo por tratarse de persoa carente de medios económicos. -

- A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a Isabel Suárez Suárez, como Presidenta da Asociación Piratas de Fisterra, con CIF G70473210, unha subvención polo importe de Setecentos cincuenta euros (750,00 €) coa finalidade de sufragar os gastos surtidos como consecuencia da adaptación dunha embarcación para Barco Pirata ante a V Festa do Desembarco que se ven realizado nesta localidade.-

Deberá presentar Factura xustificativa do pago realizado ó proveedor antes do 31 de Decembro de 2018.-

#### OBRAS MUNICIPAIS

Á vista do Informe emitido con data 26 de Xuño de 2018 por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación sobre incremento producido en obras realizadas, necesarias para o bo funcionamento dos servizos municipais e en beneficio da poboación,

Ante a existencia de crédito presupostario, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar as seguintes Valoracións en favor da Empresa Búa Construcciones y Servicios S.L. :

| FINALIDADE                    | IMPORTE     |
|-------------------------------|-------------|
| Obras Mellora Camiño da Insua | 11.045,79 € |

|   |                    |
|---|--------------------|
| Obras <b>Mellora Segundo Tramo Camiño da Insua</b>          | 5.160,77 €         |
| Obras <b>Reforma do Parque Infantil</b>                     | 5.063,98 €         |
| Obras <b>Reforma Infraestructuras San Martiño de Arriba</b> | 6.593,46 €         |
| <b>SUMA TOTAL INVERSIÓN</b>                                 | <b>27.864,00 €</b> |

**2) Proceder ó seu pago á Empresa mencionada con cargo o Presuposto Ordinario de 2018.-**

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21: 20 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.